

INFORME DE TRAZABILIDAD

Expediente 2021/XEN_01/000766

Expediente

Nº expediente: 2021/XEN_01/000766 **Título:** Proposta de modificación do orzamento da deputación 2021, vía suplemento de crédito, pleno de marzo

Fecha de alta: 22/03/2021 10:48:47

Versión proc.: Proc. Xenérico de uso interno **Fase actual:** PRESENTACIÓN DE OFICIO

Organismo: INTERVENCIÓN-CONTABILIDADE E CONTAS

Org. que envía: SECCIÓN DE ACTAS E GOBERNO

Evolución

Fase	Transición	Desde	Hasta	Usuario
PRESENTACIÓN DE OFICIO	PRESENTACIÓN DE OFICIO	22/03/2021 10:48:47		José Antonio Castro Liz

Documentos

Privado	Nombre	Fecha	Tipo	Estado	Fase
No	Anuncio bop 27.04.2021 aprobación definitiva.pdf	28/04/2021 10:27:14	Generado	Terminado	PRESENTACIÓN DE OFICIO
No	2021_06_sc e 2021_07_sc certificación exposición ao públi....pdf	28/04/2021 10:26:25	Generado	Terminado	PRESENTACIÓN DE OFICIO
No	Bop 03-04-2021 aprobación inicial.pdf	08/04/2021 12:21:28	Generado	Terminado	PRESENTACIÓN DE OFICIO
No	2021_07_sc modificacion credito - 1 informe inicial inter....pdf	08/04/2021 12:18:43	Generado	Terminado	PRESENTACIÓN DE OFICIO
No	Acta comisión informativa de economía, recadación, facend....pdf	08/04/2021 09:54:24	Generado	Terminado	PRESENTACIÓN DE OFICIO
No	Dilixencia pleno 30-02-2021, modificación orzamento vía s....pdf	07/04/2021 17:44:13	Generado	Terminado	PRESENTACIÓN DE OFICIO
No	Certificación pleno 30-03-2021, modificación orzamento, s....pdf	07/04/2021 17:43:37	Generado	Terminado	PRESENTACIÓN DE OFICIO
No	2021_07_sc modificación crédito - 5 informe final interve....pdf	22/03/2021 10:54:40	Generado	Terminado	PRESENTACIÓN DE OFICIO
No	2021_07_sc modificación crédito - 4 proposta acordo, plen....doc	22/03/2021 10:53:19	Generado	Iniciado	PRESENTACIÓN DE OFICIO
No	2021_07_sc modificación crédito - 4 proposta acordo, plen....pdf	22/03/2021 10:52:55	Generado	Terminado	PRESENTACIÓN DE OFICIO
No	2021_07_sc modificación crédito - 3 memoria, pleno marzopdf	22/03/2021 10:52:29	Generado	Terminado	PRESENTACIÓN DE OFICIO
No	2021_07_sc modificación crédito - 2 incoación, pleno marz....pdf	22/03/2021 10:51:42	Generado	Terminado	PRESENTACIÓN DE OFICIO

INFORME DE TRAZABILIDAD
Expediente 2021/XEN_01/000766

No	2021_07_sc modificacion credito - 1 informe inicial inter....pdf	22/03/2021 10:51:10	Generado	Terminado	PRESENTACIÓN DE OFICIO
----	---	------------------------	----------	-----------	---------------------------

Usuarios asignados

Tipo	Identificador	Usuario	Fecha alta	Fecha baja
Principal	33306771B	José Antonio Castro Liz	08/04/2021 10:29:17	



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL

Anuncio

APROBACIÓN DE NOVA CONVOCATORIA DAS SEGUINTES MEDIDAS DENTRO PROGRAMA PRENDE BOTA RAÍCES NO RURAL

- MEDIDA 8.2.3.4 "TU EMPLEO EN EL RURAL" MEDIDAS PARA FAVORECER O AUTOEMPREGO E O EMPRENDIMIENTO COLECTIVO NO MARCO DA ECONOMÍA SOCIAL.
- MEDIDA 8.2.4.2 "GENTE JOVEN EN EL RURAL" AXUDAS PARA A CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA.

Na Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o 23 de abril do 2021, acordase:

- Aprobar unha nova convocatoria para dúas medidas dentro do Programa Prende! Bota raíces no rural, cun período de solicitude ininterrompido que abrangue dende o día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no BOP, previa publicación na Base Nacional de Subvencións e ata 30 de setembro de 2021, ou ben ata que se esgote as bolsas de axuda ofertadas por cada unha das Medidas:

- Medida 8.2.4.2 "GENTE JOVEN EN EL RURAL", **18 prazas**

- Medida 8.2.3.4 "TU EMPLEO EN EL RURAL", **2 prazas**

Con esta nova convocatoria pretendese crear un revulsivo na provincia xa que o impacto pode afectar a crear novas contratacións de carácter indefinido entre poboación moza da provincia de Lugo, fomentar o emprendemento de economía social e fortalecer tecido empresarial existente na provincia.

Sendo de aplicación na súa regulación as bases aprobadas xunto coa primeira convocatoria, publicadas no BOP núm. 148 do 30 de xuño de 2020, así como a modificación posterior, publicada no BOP núm. 062 do día 17 de marzo de 2021.

Lugo, 23 de abril de 2021.- " O PRESIDENTE, P.D. Decreto Nº 0402/2017 de data 24-02-2017.- O DEPUTADO PROVINCIAL, PABLO RIVERA CAPON.

R. 1139

INTERVENCIÓN

Anuncio

Aprobado definitivamente o Expediente de Modificación do Orzamento da Deputación de 2021, vía Transferencia e Suplemento de crédito para PU2021, en cumprimento do disposto no art. 169 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido la Lei reguladora de Facendas Locais, fanse públicos os seguintes resumos:

Estado de GASTOS

Capítulo	Consignación actual	Modificacións	Consignación final
I. GASTOS PERSONAL	29.651.212,75		29.651.212,75
II. GTOS.BENS CORRENTES E SERVIZOS	31.031.506,54		31.031.506,54
III. GTOS. FINANCEIROS	130.750,00		130.750,00
IV. TRANS.CORRENTES	26.651.470,30	1.968.955,87	28.620.426,17

V. FONDO DE CONT. E OUT. IMPREV.	93.729,72		93.729,72
VI. INVESTIMENTOS REAIS	31.088.702,11		31.088.702,11
VII. TRANS.CAPITAL	23.134.680,72	10.985.587,92	34.120.268,64
VIII. ACTIVOS FINANCEIROS	380.769,23		380.769,23
IX. PASIVOS FINANCEIROS	1.613.464,33		1.613.464,33
TOTAL	143.776.285,70	12.954.543,79	156.730.829,49

Estado de INGRESOS

Capítulo	Previsión actual	Modificacións	Previsión final
1. IMPOSTOS DIRECTOS	5.785.953,00		5.785.953,00
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	5.092.718,96		5.092.718,96
3. TAX., PREC. PÚBL. E OUTROS INGR.	3.511.834,94		3.511.834,94
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	75.621.423,24		75.621.423,24
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	31.000,00		31.000,00
6. ALLEAMENTO DE INVER. REAIS	0,00		0,00
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.847.257,01		1.847.257,01
8. ACTIVOS FINANCEIROS	51.886.098,55	12.954.543,79	64.840.642,34
9. PASIVOS FINANCEIROS			0,00
TOTAL	143.776.285,70	12.954.543,79	156.730.829,49

O que se fai público aos efectos oportunos.

Lugo, trinta de xuño de dous mil vinte.- **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca. **A SECRETARIA XERAL**, María Esther Álvarez Martínez.

R. 1154

Anuncio

Aprobado definitivamente o Expediente de Modificación do Orzamento da Deputación de 2021, vía Suplemento de crédito, en cumprimento do disposto no art. 169 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido la Lei reguladora de Facendas Locais, fanse públicos os seguintes resumos:

Estado de GASTOS

Capítulo	Consignación actual	Modificacións	Consignación final
I. GASTOS PERSONAL	29.651.212,75		29.651.212,75
II. GTOS.BENS CORRENTES E SERVIZOS	31.031.506,54		31.031.506,54
III. GTOS. FINANCEIROS	130.750,00		130.750,00
IV. TRANS.CORRENTES	26.651.470,30	1.968.955,87	28.620.426,17

V. FONDO DE CONT. E OUT. IMPREV.	93.729,72		93.729,72
VI. INVESTIMENTOS REAIS	31.088.702,11		31.088.702,11
VII. TRANS.CAPITAL	23.134.680,72	10.985.587,92	34.120.268,64
VIII. ACTIVOS FINANCEIROS	380.769,23		380.769,23
IX. PASIVOS FINANCEIROS	1.613.464,33		1.613.464,33
TOTAL	143.776.285,70	12.954.543,79	156.730.829,49

Estado de INGRESOS

Capítulo	Previsión actual	Modificacións	Previsión final
1. IMPOSTOS DIRECTOS	5.785.953,00		5.785.953,00
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	5.092.718,96		5.092.718,96
3. TAX., PREC. PÚBL. E OUTROS INGR.	3.511.834,94		3.511.834,94
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	75.621.423,24		75.621.423,24
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	31.000,00		31.000,00
6. ALLEAMENTO DE INVER. REAIS	0,00		0,00
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.847.257,01		1.847.257,01
8. ACTIVOS FINANCEIROS	51.886.098,55	12.954.543,79	64.840.642,34
9. PASIVOS FINANCEIROS			0,00
TOTAL	143.776.285,70	12.954.543,79	156.730.829,49

O que se fai público aos efectos oportunos.

Lugo, trinta de xuño de dous mil vinte.- **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca. **A SECRETARIA XERAL**, María Esther Álvarez Martínez.

R. 1155

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

PROGRAMA FOMENTO DE EMPREGO 2021

Por Resolución desta Alcaldía de data 19 de Abril de 2021, aprobáronse as bases que rexerán a selección en réxime laboral temporal, polo prazo de cinco (5) meses e unha xornada do 100 % - mediante concurso - oposición, de 6 postos de Peón de Obra Pública para a Brigada Municipal de Obras e Servizos, ao abeiro do Programa de Fomento de Emprego do Plan Provincial de Cooperación cos Concellos de 2021.

As ditas bases están a disposición dos interesados na páxina web do Concello (www.concellodebegonte.es) e no Taboleiro municipal de anuncios, sendo o prazo de presentación de solicitudes de 10 días naturais a contar desde a publicación deste anuncio no "Boletín Oficial da Provincia".

Begonte, 19 de Abril de 2.021.- O Alcalde-Presidente, José Ulla Rocha.

R. 1110

A FONSAGRADA

Anuncio

De conformidade co disposto no Decreto de Alcaldía de data 22/04/2021, fanse públicas as bases para a selección de cinco oficiais de primeira - albaneis e un peón de limpeza viaria (media xornada) ao abeiro do Programa de fomento do emprego 2021 financiado pola Deputación Provincial de Lugo.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: No Rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Requisitos: Os establecidos nas bases da convocatoria.

As bases completas da convocatoria estarán expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada (www.afonsagrada.org)

A Fonsagrada, 22 de abril de 2021.- O alcalde, Carlos López López.

R. 1137

LOURENZÁ

Anuncio

Sendo definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o Presuposto para o exercicio económico do 2021 por acordo adoptado en sesión celebrada o día 18/03/2021 en cumprimento co disposto no artigo 169. 3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, faise público que o dito Presuposto ascende, tanto en Gastos como en Ingresos, á contía de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS NOVENTA MIL (2.590.000,00) EUROS ,asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

ESTADO DE GASTOS

CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
A)OPERACIÓNS CORRENTES		1.890.800,00
1	GASTOS DE PERSOAL	1.025.900,00
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	605.700,00
3	GASTOS FINANCEIROS	3.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	256.200,00
B)OPERACIÓNS DE CAPITAL		699.200,00
6	INVESTIMENTOS REAIS	677.200,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	22.000,00
TOTAL GASTOS		2.590.000,00

ESTADO DE INGRESOS

CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
A) OPERACIONES CORRENTES 2.004.800,00		
1	IMPOSTOS DIRECTOS	685.000,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	25.000,00
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	244.600,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.034.400,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	15.800,00
B) OPERACIONES DE CAPITAL 585.200,00		
6	ENAXENACIÓN DE INVERSIONES REAIS	100,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	585.100,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	00,00
TOTAL INGRESOS		2.590.000,00

Na referida sesión, tamén acordouse aprobar o cadro de persoal e a relación de postos de traballo desta Corporación que, de acordo co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducense a continuación:

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA:

DENOMINACIÓN PRAZA	DOTACIONES	GR	SITUACIÓN	RÉXIME
1				
1.1.-Subescala Secretaría -Intervención	1	A1	O	F
2				
2.1.- Subescala Administrativa				
2.1.1.- Xefatura Sección e Tesourería	1	C1	O	F
2.1.2.- Xefatura Sección	1	C1	O	F

B) PERSOAL LABORAL FIXO:

DENOMINACIÓN PRAZA	NÚMERO	XORNADA	SITUACIÓN	RÉXIME
Bibliotecaria -Técnico Cultura	1	Completa	O	L
Coordinador Deportivo	1	Completa	O	L

Traballadora Social	1	Completa	O	L
---------------------	---	----------	---	---

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

DENOMINACIÓN PRAZA	NÚM.	XORNADA	SITUACIÓN	RÉXIME
Arquitecta Oficina Rehabilitación (ARI)	1	Completa	O	L
Educadora Familiar	1	Media	O	L
Auxiliar Administrativa	1	Completa	O	L
Técnico Emprego (Subvencionado)	1	Completa	O	L
Educadoras Infantís (Subvencionado)	3	Completa	O	L
Operarios Servizos Múltiples	5	Completa	O	L
Servizos Limpeza	4	Completa	O	L
Servizo Axuda Domicilio (Subvencionado)	11	Completa/Media	O	L
Servizo Prevención Incendios e Motobomba (Subvencionado)	8	Completa	V	L
Socorristas (Cooperación Subvencionado 100%)	2	Completa (2 meses)	V	L
Programa Depuemprego Deputación	5	Completa/Media (5/6 meses)	V	L
Programa Aprox Rural	2	Completa (9 meses)	O	L

Lourenzá, 20 de abril de 2021.- A Alcaldesa - Presidenta, Rocío López García.

R. 1119

RÁBADE*Anuncio*

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o 19 de abril de 2021, adoptou o acordo de aprobación das BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA O PLAN DE APOIO Á HOSTALERÍA E RESTAURACIÓN NO TERMO MUNICIPAL DE RÁBADE, PARA PALIAR OS EFECTOS DA SITUACIÓN DE PECHE PROVOCADO POLO COVID-19, que son do teor literal seguinte:

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA O PLAN DE APOIO Á HOSTALERÍA E RESTAURACIÓN NO TERMO MUNICIPAL DE RÁBADE, PARA PALIAR OS EFECTOS DA SITUACIÓN DE PECHE PROVOCADO POLO COVID-19.**1.- OBXECTO DA PRESENTE CONVOCATORIA.**

O obxecto da presente convocatoria é paliar ou minimizar na medida do posible as consecuencias derivadas da grave crise económica que sofre na actualidade o sector da hostalería e restauración como consecuencia do peche obrigado provocado polo COVID-19, mediante a concesión das correspondentes axudas aos autónomos e empresas.

O papel dos concellos nesta grave crise económica e de emprego que nos vai tocar vivir é clave porque a Administración do Estado e a Administración autonómica proporcionan recursos estándares que unicamente os concellos poden ensamblar e adaptar á súa realidade local particular, exercendo as súas competencias en materia de desenvolvemento económico local e emprego mediante o deseño dunha estratexia de promoción

económica capaz de identificar e valorizar os recursos e proceder á adaptación dos programas ás necesidades locais.

Ese rol que cumpren as estruturas locais de apoio ao desenvolvemento local e ao emprego, lonxe de invadir competencias ou producir duplicidade algunha, fan posible tamén a efectividade da dimensión local do emprego que apunta tanto a Lei Nacional de Emprego (art. 4, R.D.L. 3/2015), como a Comisión Europea, que no seu documento de Actuación local a favor do emprego para unha estratexia europea do emprego define o ámbito local como aquel nivel que permite detectar as necesidades locais non satisfeitas polo que lonxe de ser un ámbito no que unicamente se poñan en práctica decisións adoptadas noutros ámbitos pode combinar diferentes instrumentos e desenvolver formas de dar valor engadido ás decisións tomadas en niveis superiores acadando un máis axeitado nivel de precisión en cada territorio.

2.- NORMATIVA APLICABLE.

1.- As presentes bases e convocatoria rexeranse, con carácter xeral, no non previsto nas mesmas, polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (en diante RLXS), na Lei 9/2.007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e, supletoriamente, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

2.- Así mesmo, están sometidas ao réxime de minimis, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352 de 24 de decembro de 2013).

3.-A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía destinada a atender a estas subvencións ascende a un importe total de quince mil euros (15.000,00 €) do vixente orzamento municipal, con cargo á aplicación orzamentaria 431.479 " Comercio / Outras subvencións a empresas privadas", financiado mediante recursos propios.

Este orzamento poderá ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento do programa. Así mesmo, no caso de que finalizado o prazo de solicitudes se tiveran presentado un número de solicitudes para o que non foran dabondo as contías inicialmente consignadas, poderase ampliar o crédito ata a súa cobertura total ou a do maior número delas posible.

4.- CONTÍA DAS AXUDAS

Con base no disposto no artigo 30.7 da LXS :

1.- Concederáse unha contía fixa de mil euros (1.000,00 €) , ás persoas físicas autónomas e xurídicas con ou sen personalidade xurídica propia e con ou sen traballadores ao seu cargo, cando a actividade que viñesen desenvolvendo se tivese visto afectada polo peche de establecementos disposto no Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro e a Orde da Consellería de Sanidade de 26 de xaneiro de 2021. Esta axuda faise extensiva aos almacéns de distribución de bebidas destinadas ao consumo nos establecementos anteriores, nos termos que se sinalan a continuación.

2.- Concederáse unha única axuda por establecemento, podendo ampliarse a contía fixa anteriormente sinalada ata o esgotamento do crédito previsto.

5.- REQUISITOS PARA SER PERSOA OU EMPRESA BENEFICIARIA.

1.- Poderán solicitar esta subvención as persoas físicas autónomas e persoas xurídicas, así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades sen personalidade xurídica legalmente constituídas e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a actividade económica sexa desenvolvida por unha persoa traballador autónomo ou entidade, de acordo a este punto 1.

b) Que a actividade que desenvolven se tivera visto directamente afectada polo peche de establecementos disposto no R.D. 926 /2020, de 25 de outubro e Orde da Consellería de Sanidade de 26 de xaneiro de 2021, ou ben se vira indirectamente afectada para os casos de almacéns de distribución de bebidas destinadas ao consumo en establecementos hostaleiros.

c) Que o domicilio fiscal e, no seu caso o local de desenvolvemento da actividade, se atopen no termo municipal de Rábade

d) Estar dado de alta no réxime da Seguridade Social e en Facenda no momento da presentación da instancia.

e) Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e en particular, non ter débedas coa Facenda estatal (AEAT) e coa

Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS). Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, no seu caso.

f) Non ter débeda algunha pendente co concello de Rábade. Este requisito verificarase de oficio polo Concello e debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, no seu caso.

6.- CONCORRENCIA CON OUTRAS SUBVENCIONS

Dado o carácter de complementarias das axudas reguladas pola presente convocatoria, a súa concesión será compatible coas que se puideran obter de calquera outra Administración Pública, incluídas as previstas no Plan de apoio ao pequeno comercio, destinadas a paliar o impacto económico derivado da crise sanitaria COVID-19 no Concello de Rábade, para adquisición de material de protección.

7.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.- O modelo de solicitude normalizado para a obtención das subvencións reguladas na presente convocatoria estará dispoñible na web municipal www.rabade.org, na sede electrónica municipal <https://rabade.sedelectronica.gal> e nas oficinas municipais.

2.- As solicitudes, poderán presentarse no rexistro xeral do Concello de Rábade no modelo normalizado sinalado no parágrafo anterior ou ben por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Rábade accesible a través do enlace <https://rabade.sedelectronica.gal>

3.- O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP), podendo ser obxecto no seu caso de ampliación.

4.- A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión da solicitude.

8.- DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR.

1.- A solicitude normalizada deberá estar asinada pola persoa interesada ou polo seu representante legal e debe acompañarse obrigatoriamente da seguinte documentación:

a) No caso de autónomos DNI ou NIE acompañado de pasaporte. No caso de pequenas empresas xuntarse copia do DNI do administrador ou apoderado e do CIF da persoa xurídica solicitante.

b) Copia no seu caso de escritura da entidade mercantil ou contrato de constitución da entidade sen personalidade xurídica. As entidades sen personalidade xurídica deberán achegar declaración asinada polos comeneiros ou socios conforme delegan a representación para solicitar a subvención e no seu caso, recibila nun dos comeneiros ou socio.

c) Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal ou no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade.

d) Resolución/certificación do alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos, no seu caso.

e) Certificado do número de conta bancaria emitido pola entidade financeira para o ingreso no seu caso da subvención.

f) Declaración xurada asinada pola persoa interesada ou representante legal ou apoderado da persoa ou entidade solicitante que conterà o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións:

- Que a actividade que viña desenvolvendo se viu obrigada a cesar polo peche de establecementos disposto polo Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro e posterior Orde da Consellería de Sanidade de 26 de xaneiro de 2021, ou que se viu afectada indirectamente por dito peche para os casos de almacéns de distribución de bebidas destinadas ao consumo en establecementos hostaleiros .

- Que se compromete a manter a actividade durante o período de 3 meses como mínimo a partir do día seguinte a data de concesión da axuda económica.

- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.

- Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

g) Certificados de acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e fronte á Seguridade Social (TGSS).

9.- INSTRUCIÓN DO PROCEDIMENTO

1.- O procedemento da tramitación e concesión da subvención regulada nesta convocatoria, realizarase de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e polo tanto non ten a consideración de concorrencia competitiva, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

A instrución do procedemento corresponderá ao Servizo Municipal de Emprego e Desenvolvemento Local, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesaria para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

2.- A concesión da subvención efectuarase en réxime de concorrencia non competitiva, establecéndose como criterio de ordenación e tramitación a data e hora de entrada que figuren rexistradas na solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria.

A concesión de axudas efectuarase ata esgotar o crédito dispoñible destinado a atender as mesmas nese momento de acordo co disposto no punto 3 da convocatoria.

3.-O Servizo Municipal de Emprego e Desenvolvemento Local comprobará, pola súa orde cronolóxica de presentación, as solicitudes recibidas.

Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos esixidos, ata esgotar o crédito inicial dispoñible da convocatoria, serán propostas para ser resoltas favorablemente.

4.- Previamente a elaborar a proposta, publicaranse a efectos de notificación na paxina web municipal e na sede electrónica municipal, as seguintes listaxes:

- a) Persoas solicitantes propostas como beneficiarias por presentar a súa solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria antes de esgotarse o crédito inicialmente dispoñible destinado a atender estas axudas.
- b) Persoas solicitantes que non compren os requisitos establecidos na convocatoria quedando a súa solicitude desestimada.
- c) Persoas solicitantes que non achegaron a totalidade da documentación requirida no punto 8 da convocatoria con indicación da documentación requirida. A estas, outorgaráselles un prazo de 10 días hábiles para que emenden a súa solicitude e presentes a documentación requirida.

5.-Transcorrido o prazo establecido para alegar e emendar as solicitudes requiridas e adoptadas as medidas precisas, o Servizo de Emprego e Desenvolvemento Local, elevará a proposta de acordo ao órgano competente (Sr. Alcalde) e procederase á súa posterior publicación na paxina web e na sede electrónica municipal. A resolución de concesión e/ou denegación correspondera ao Alcalde- Presidente.

6.- O prazo máximo para resolver e notificar o acordo será de dos meses a contar do seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes. Porá fin á vía administrativa, podéndose interpor contra ela recurso potestativo de reposición no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que dite a resolución ou ben recorrer directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo na forma e prazos previstos na lei reguladora da devandita xurisdición.

10.- OBRIGAS DAS PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS.

Son obrigas dos beneficiarios das axudas:

- a) Manter a actividade empresarial durante 3 meses , como mínimo, a partir do día seguinte ao da concesión da subvención.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións a exercer pola Intervención municipal.
- c) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.
- d) Cumprir as restantes obrigas que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.
- e) No caso de que a persoa ou empresa beneficiaria se atope comprendida nos supostos do artigo 3.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá adaptarse ás obrigas de publicidade activa que lle resulten aplicables.
- f) Xustificar a subvención segundo o establecido na base seguinte.

11.- XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS.

1.- O control das obrigas esixidas no punto 10 desta convocatoria efectuarase mediante a comprobación de oficio polo Servizo de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Rábade.

2.- A persoa beneficiaria das axudas, unha vez transcorrido o prazo de 3 meses da concesión da subvención, deberá presentar no cuarto mes a contar a partir do día seguinte ó da notificación/publicación da concesión da subvención:

- Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e o local de desenvolvemento da actividade.
- Resolución/ certificación do alta no Réxime correspondente da Seguridade Social actualizado á data de presentación da xustificación.
- Memoria xustificativa acompañada das correspondentes facturas e xustificantes de pago dos gastos efectivamente realizados (gastos de compra de mercadorías, de aluguer, reparacións, servizos profesionais, primas de seguros, subministracións e outros gastos correntes, cotas seguridade social do traballador autónomo.....etc).

12.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

1.- O pagamento destas subvencións realizarase no momento da concesión , nun pago único pola totalidade do importe concedido, mediante transferencia bancaria, sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

2.- En caso de incumprimento das obrigas, no seu caso, detalladas nesta convocatoria, o Servizo xestor iniciará de oficio expediente administrativo que, previa audiencia á persoa interesada, propondrá a iniciación de procedemento de reintegro dos fondos, xunto coa liquidación dos xuros de mora correspondentes.

13.- REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS

1.- O reintegro do importe percibido, cando cumpra, rexerase polo disposto no título II da LXS e polo título III do RLXS.

2.- Xunto ás causas de invalidez da resolución de concesión, recollidas no artigo 36 da LXS, darán lugar á obriga de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde a data do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos con carácter xeral no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.

Se a persoa beneficiaria incumpre a obriga de manter a actividade empresarial durante o prazo mínimo dos 3 meses establecidos no punto 10 de convocatoria, procederá o reintegro da parte proporcional dos meses pendentes de cumprimento.

3.- Sen prexuízo de iniciar o procedemento de reintegro, en caso de incumprimento das obrigacións establecidas con motivo da concesión de lle subvención, a persoa ou empresa beneficiaria poderán comunicar ao órgano xestor por rexistro de entrada este feito e efectuar a devolución voluntaria da cantidade percibida. Para iso, deberá poñerse en contacto co Servizo Xestor aos efectos dos trámites a seguir. Así mesmo, calcularanse os intereses de demora ata o momento no que se produza a devolución efectiva pola súa banda.

ANEXO I . - SOLICITUDE DE AXUDA**AXUDAS ECONÓMICAS AOS ESTABLECEMENTOS DE HOSTALERÍA E RESTAURACIÓN DO CONCELLO DE RÁBADE AFECTADOS POLA SITUACIÓN DE PECHE A CONSECUCENCIA DO COVID-19**

D. / Dna.:

con NIF/NIE nº: Tfno. de Contacto Enderezo electrónico

en nome propio ou representante legal (no caso de persoa xurídica) de
(indique o nome da persoa física ou xurídica beneficiaria), tendo coñecemento da convocatoria de axudas económicas aos establecementos de hostalería e restauración do Concello de Rábade afectados pola situación de peche a consecuencia do COVID-19 (BOP de Lugo nº de).

EXPÓN

Que, considera que reúne todos os requisitos esixidos , segundo amosan os documentos que se achegan, e acepta expresamente todos os termos da convocatoria

SOLICITO :

A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN ao abeiro das bases reguladoras das axudas convocadas ao efecto polo Concello de Rábade, para paliar os efectos do COVID 19.

Rábade, de de 2021

(Sinatura do declarante)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co establecido na normativa de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, informámoslle que os datos persoais recabados desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área tramitadora do procedemento instado, para os fin indicados polo Concello de Rábade. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentimento das persoas interesadas. Así mesmo, comunicámoslle que o responsable do tratamento e destinatario da información é o CONCELLO DE RÁBADE. Pode contactar co responsable do tratamento, para solicitar máis información sobre o tratamento dos seus datos, así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade de datos, limitación e oposición e revogación do consentimento, en Plaza do 28 de maio s/n, RÁBADE. LUGO

ANEXO II DECLARACION RESPONSABLE**(ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS E DE RESTAURACIÓN)**

AXUDAS ECONÓMICAS AOS ESTABLECEMENTOS DE HOSTALERÍA E RESTAURACIÓN DO CONCELLO DE RÁBADE AFECTADOS POLA SITUACIÓN DE PECHE A CONSECUENCIA DO COVID-19

D. / Dna.:

con NIF/NIE nº:

en calidade de solicitante ou representante legal (no caso de persoa xurídica) de

(indique o nome da persoa física ou xurídica beneficiaria), na presente convocatoria de axudas económicas aos establecementos de hostalería e restauración do Concello de Rábade afectados pola situación de peche a consecuencia do COVID-19,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- ✓ Que a actividade que viña desenvolvendo se viu obrigada a cesar polo peche de establecementos disposto na Orde da Consellería de Sanidade de 26 de xaneiro de 2021.
- ✓ Que se compromete a manter a actividade durante o período mínimo de tres meses dende a data de concesión da axuda económica.
- ✓ Que asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- ✓ Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.
- ✓ Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- ✓ Que se compromete á comunicación das axudas concedidas para a mesma finalidade.

Rábade, de de 2021

(Sinatura do declarante)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co establecido na normativa de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, informámoslle que os datos persoais recabados desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área tramitadora do procedemento instado, para os fin indicados polo Concello de Rábade. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentimento das persoas interesadas. Así mesmo, comunicámoslle que o responsable do tratamento e destinatario da información é o CONCELLO DE RÁBADE. Pode contactar co responsable do tratamento, para solicitar máis información sobre o tratamento dos seus datos, así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade de datos, limitación e oposición e revogación do consentimento, en Plaza do 28 de maio, s/n. 27370. RÁBADE. LUGO

**ANEXO II DECLARACION RESPONSABLE
(ALMACÉNS DE DISTRIBUCIÓN DE BEBIDAS)**

AXUDAS ECONÓMICAS AOS ESTABLECEMENTOS DE HOSTALERÍA E RESTAURACIÓN DO CONCELLO DE RÁBADE AFECTADOS POLA SITUACIÓN DE PECHE A CONSECUENCIA DO COVID-19

D. / Dna.:

con NIF/NIE nº:

en calidade de solicitante ou representante legal (no caso de persoa xurídica) de

(indique o nome da persoa física ou xurídica beneficiaria), na presente convocatoria de axudas económicas aos establecementos de hostalería e restauración do Concello de Rábade afectados pola situación de peche a consecuencia do COVID-19,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- ✓ Que a actividade que viña desenvolvendo se veu indirectamente afectada polo peche de establecementos disposto na Orde da Consellería de Sanidade de 26 de xaneiro de 2021.
- ✓ Que se compromete a manter a actividade durante o período mínimo de tres meses dende a data de concesión da axuda económica.
- ✓ Que asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- ✓ Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.
- ✓ Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- ✓ Que se compromete á comunicación das axudas concedidas para a mesma finalidade.

Rábade, de de 2021

(Sinatura do declarante)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co establecido na normativa de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, informámoslle que os datos persoais recabados desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área tramitadora do procedemento instado, para os fin indicados polo Concello de Rábade. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentimento das persoas interesadas. Así mesmo, comunicámoslle que o responsable do tratamento e destinatario da información é o CONCELLO DE RÁBADE. Pode contactar co responsable do tratamento, para solicitar máis información sobre o tratamento dos seus datos, así como exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade de datos, limitación e oposición e revogación do consentimento, en Plaza do 28 de maio, s/n. 27370. RÁBADE. LUGO

Rábade, 20 de abril de 2021.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 1111

Anuncio

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o 19 de abril de 2021, adoptou o acordo de aprobación das BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA O PLAN DE APOIO AO PEQUENO COMERCIO NO CONCELLO DE RÁBADE DESTINADAS A PALIAR O IMPACTO ECONÓMICO DERIVADO DA CRISE SANITARIA COVID-19 MEDIANTE A ADQUISICIÓN DE MATERIAL DE PROTECCIÓN, que son do teor literal seguinte:

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA O PLAN DE APOIO AO PEQUENO COMERCIO NO CONCELLO DE RÁBADE DESTINADAS A PALIAR O IMPACTO ECONÓMICO DERIVADO DA CRISE SANITARIA COVID-19 MEDIANTE A ADQUISICIÓN DE MATERIAL DE PROTECCIÓN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A natureza excepcional da pandemia e das medidas adoptadas para o seu control está a provocar consecuencias de escala significativa en todos os compoñentes da sociedade. Un destes compoñentes son as pequenas empresas constituídas no seu maior parte por autónomos aos que a situación sobrevinda os pon en condicións extremas xa que a falta ou caída de ingresos nestes momentos polas medidas instauradas devén nunha grave falta de liquidez, afectando seriamente á súa situación económica a curto e medio prazo, pero tamén supón un grave risco para a súa viabilidade futura.

Dende o Concello de Rábade considérase imprescindible un apoio público urxente, na medida das súas posibilidades orzamentarias, dirixido a garantir ao tecido económico empresarial, xa se trate de sociedades mercantís como de profesionais autónomos una certa liquidez para afrontar parte dos gastos inmediatos motivados polas medidas extraordinarias a implantar que lles permita contrarrestar o dano que están a sufrir de forma que se preserve a súa continuidade, incentivando a actividade e o mantemento do emprego que xeran no municipio e, paralelamente, evitar situacións ou risco de exclusión social.

Tendo en conta as singulares circunstancias e razóns de interese público, social e económico ligadas á actual situación do mercado de traballo e, en particular, das persoas que loitan por manter a actividade dos seus negocios, a concesión das axudas establécese sen concorrencia entre as persoas solicitantes. A actual conxuntura económica e social aconsella o establecemento de procedementos áxiles e eficaces que permitan a rápida percepción das axudas por parte das persoas beneficiarias. O artigo 22.2, apartado c), da Lei Xeral de Subvencións 38/2003, establece que poderán concederse con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

As razóns expostas xustifican a concesión directa das axudas sen que iso supoña menoscabo dos principios de igualdade e obxectividade na asignación das subvencións previstas e con pleno respecto aos principios de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público. Así mesmo, a súa redacción atópase aliñada cos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste sentido, na elaboración das presentes disposicións tivéronse en conta os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia.

Así, no que se refire aos principios de necesidade e eficacia, as presentes bases están xustificadas por unha razón de interese xeral, como é o atender ás consecuencias económicas tan desfavorables que a crise sanitaria do COVID-19 está a provocar no sector empresarial, para tratar de preservar a súa actividade e o emprego que xeran. No que se refire ao principio de proporcionalidade, a mesma contén a regulación imprescindible para atender á necesidade que se pretende cubrir. Doutra banda, desde o punto de vista da seguridade xurídica, as bases resultan coherente co resto do ordenamento xurídico, sendo no seu momento obxecto da publicación que garanta tanto a súa transparencia como a súa propia eficacia e eficiencia.

Esta medida é independente doutras axudas que, dirixidas aos mesmos ou outros sectores de actividade, o Concello poida aprobar con motivo da crise sanitaria e as súas consecuencias económicas.

As competencias das entidades locais veñen determinadas con carácter xeral, por unha banda, na normativa básica de réxime local, isto é a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (en diante LRRL) e, por outro, na lexislación autonómica de desenvolvemento en materia de réxime local, a saber, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, así como na normativa sectorial autonómica, neste caso a Lei 13/2010, de 17 de decembro, do comercio interior de Galicia.

Pola súa banda o Tribunal Constitucional na súa sentenza número 41/2016, do 3 de marzo (rec. incons. núm. 1792/2014) veu a sentar que o réxime competencial disposto na normativa básica estatal non ten natureza pechada, senón de mínimos, de forma que a lexislación sectorial das Comunidades Autónomas pode, no marco das súas competencias atribuír ámbitos de xestión nos que as entidades locais poidan desenvolver iniciativas do seu interese.

Así no caso que nos ocupa, o artigo 25.1.e) da LRBRL establece que as entidades locais son competentes para a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social e o artigo 86 prevé que poidan exercer a iniciativa para o desenvolvemento da actividade económica e, por tanto, pode formar parte desta o seu fomento.

Por todo o anterior, pónense en marcha as axudas recollidas nas presentes Bases, como medida urxente para paliar, na medida do posible, parte das afeccións económicas que está a ter a pandemia do COVID-19 no tecido empresarial de Rábade co obxectivo de axudar no seu mantemento e asegurar a súa continuidade.

1.- OBXECTO DÁ PRESENTE CONVOCATORIA.

1. As presentes Bases teñen por obxecto establecer a regulación (solicitud, tramitación, concesión, pago e xustificación) das subvencións para conceder polo Concello de Rábade, para a adquisición de material de protección contra o COVID-19 destinadas a paliar o impacto económico negativo derivado da crise sanitaria ocasionada polo virus sobre o pequeno comercio do municipio.

2. A finalidade é protexer e apoiar ao tecido produtivo e social de Rábade constituído para lograr unha maior liquidez desas empresas mediante a concesión dunha axuda excepcional e de interese público, para empresas ou profesionais en exercicio, polo menos desde o 14 de marzo de 2020 e radicadas no termo municipal de Rábade, co fin de facilitar o mantemento da actividade económica e amortecer a redución drástica de ingresos. Desta maneira foméntase preservar o emprego e evitar os despedimentos ou cesamentos de negocio que puidesen producirse.

3. As subvencións expostas fundaméntanse na situación excepcional e de crise sanitaria e económica provocada polo Covid-19. Dada a súa escasa contía e o formato das mesmas non xerarán distorsións no mercado nin no réxime da libre competencia.

2.- NORMATIVA APLICABLE.

1.- As presentes bases e convocatoria rexeranse, con carácter xeral, no non previsto nas mesmas, polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (en diante RLXS), na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e, supletoriamente, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

2.- Así mesmo, están sometidas ao réxime de minimis, regulado polo Regulamento (UE) 1407/2013, de 18 de decembro, da Comisión, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352 de 24 de decembro de 2013).

3.-A xestión destas subvencións suxeitarase aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como á eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía destinada a atender a estas subvencións ascende a un importe total de quince mil euros (15.000,00 €) do vixente orzamento municipal, con cargo á aplicación orzamentaria 431.479 " Comercio / Outras subvencións a empresas privadas", financiado mediante recursos propios.

Este orzamento poderá ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento do programa. Así mesmo, no caso de que finalizado o prazo de solicitudes se tiveran presentado un número de solicitudes para o que non foran dabondo as contías inicialmente consignadas, poderase ampliar o crédito ata a súa cobertura total ou a do maior número delas posible.

4.- CONTÍA DÁS AXUDAS

O importe global destinada ás presentes axudas se prorrata entre todos os solicitantes que resulten propostos definitivamente ao órgano concedente como beneficiarios, con independencia do número de actividades e, no seu caso, locais comerciais ou naves industriais de que dispoña no termo municipal de Rábade no momento da declaración de estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo de 2020 e cun importe máximo individual por axuda de 500 euros.

Estas subvencións concederanse de forma directa, en aplicación dos artigos 22.2 c) e 28, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións, e o artigo 25.2, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, por concorrer razóns de interese público, social e económico como se xustifica na exposición de motivos das presentes bases.

De conformidade co artigo 30, apartado 7, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións, a concesión destas subvencións que se conceden en atención á concorrencia de gastos extraordinarios derivados das imposicións normativas como consecuencia da crise sanitaria provocada polo Covid-19, en cuxa virtude o artigo 4.3 do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo autorizou ao Ministro de Sanidade para ditar as ordes, resolucións, disposicións e instrucións interpretativas que, dentro do seu ámbito de actuación como autoridade delegada, fosen necesarios para garantir a prestación de todos os servizos, ordinarios ou extraordinarios, en

orde á protección de persoas, bens e lugares, mediante a adopción de calquera das medidas previstas no artigo once da Lei Orgánica 4/1981, do 1 de xuño.

As presentes axudas non requirirán outra xustificación que a acreditación por medio dos establecementos e documentos descritos nas presentes bases dos devanditos gastos, sen prexuízo dos controis que puidesen establecerse para verificar a súa existencia.

1. Polo que respecta ao desenvolvemento dos cableados aéreos destas infraestruturas, é de aplicación o indicado nos artigos referentes a electricidade e a iluminación pública, sendo obrigatorio que as novas redes telefónicas, de Telecomunicacións e de comunicación por cable que se implante cumpran ditas determinacións.
2. Igual que nos dous casos anteriores, a progresiva desaparición producirase acompañando as accións parciais de reurbanización e, sobre todo, cando comece a executarse un Plan de Eliminación de Cableado Aéreo e/ou por Fachada (PAF), adecuadamente coordinadas as accións eléctricas, de alumeado e telefónicas.
3. Así mesmo, deberá prestarse especial atención á implantación das cámaras telefónicas, algunhas de especial volumetría, pola súa dificultade de compatibilización coas restantes infraestruturas subterráneas, sobre todo en rúas angostas. Procurarase a súa normalización e control a través da Normalización de Elementos Infraestruturais (NEI).

Art. 157. Galerías de servizos

1. Poderanse implantar galerías de servizo, en especial naquelas vías de maior importancia ambiental e/ou urbana, calidade de pavimentación, abundancia e importancia de servizos subterráneos, etc. Toda isto deberá coordinarse cos referidos plans de Eliminación de Cableado Aéreo e/ou por Fachada (PAF) e de Renovación do Alumeado Público (PRAP), co obxecto de minimizar as seus custos conxuntos.
2. Especial atención haberá de prestarse ao efecto barreira que puideran producir estas galerías (dada a súa altura e a continuidade da súa traza) nas escorrentas subterráneas, pola súa posible afección ás edificacións adxacentes.
3. A execución das galerías de servizos deberá garantir a permanencia das conducións históricas existentes e aquelas outras que puideran ser descubertas.
4. En calquera caso a realización das galerías de servizos obrigará, con carácter simultáneo á execución das obras, a realizar as pertinentes actuacións de control arqueolóxico.

CAPÍTULO III. CONDICIÓNS DO AXARDINAMENTO

Art. 158. Proxectos de xardinería

1. Os Proxectos de Xardinería terán o alcance e contido dos Proxectos de Urbanización ou de Obras Ordinarias definidos no art. 13 das presentes Normas.
2. Os Proxectos de Xardinería incorporarán aos seus documentos, de ser o caso, a xustificación do sistema de rega elixido, a rede de alumeado e os elementos de mobiliario, incluíndo a pertinente estudo de custos de mantemento e conservación.
3. No tocante aos ámbitos catalogados os proxectos de xardinería que se realicen pormenorizarán a relación de elementos e especies existentes así como as medidas tendentes á súa salvagarda ou reposición.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA

As determinacións contidas no presente documento establécense sen prexuízo das competencias que pola lexislación vixente veñan atribuídas ás distintas Administracións sectoriais, tanto de orde autonómico coma estatal ou local, e en particular, as referida á protección, tutela e acrecentamento do Patrimonio Histórico Lei do Patrimonio Cultural de Galicia; as referidas á regulación de usos e actividades nas zonas de risco de inundación contempladas no Plan Hidrolóxico Miño-Sil; as referidas á “Ley 24/2013, de 26 de decembro, del Sector Eléctrico” e á “Ley 34/1998, de 7 de outubro, del Sector de Hidrocarburos” e as súas normativas de desenvolvemento; así como o cumprimento das determinacións e autorizacións contempladas no Decreto 37/2014, de 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Respecto ás limitacións establecidas na lexislación de Augas, estarase ao seguinte:

- Nos solos situados en zona de fluxo preferente que se encontraban en situación básica de urbanizado a data de 30 de decembro de 2016, soamente se poderán realizar as obras e construcións que cumpran co preceptuado no art. 9 ter do RDPH. No resto dos solos, os usos en dita zona de fluxo preferente están limitados polo disposto no artigo 9 bis do mesmo texto legal.
- En todos os solos clasificados sobre a lámina de inundación correspondente á avenida extraordinaria de período de retorno de 500 anos e fóra da zona de fluxo preferente, observaranse as limitacións aos usos contempladas no art. 14 bis do RDPH, sendo necesaria para calquera obra o traballo en dita zona, a oportuna autorización.

ANEXO.

ORDENANZAS “CA: CASCO ANTIGUO” E “RC: RESIDENCIAL CERRADA” DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DE MONFORTE DE LEMOS, DE APLICACIÓN NAS ZONAS DE RESPECTO DO BIC.

Reprodúcense a seguir as Ordenanzas “CA: Casco Antigo” e “RC: Residencial Cerrada” das Normas Subsidiarias de Planeamento de Monforte de Lemos vixentes, no que resulta de aplicación nas Zonas de Respetto do Conxunto histórico-artístico. En cada unha delas refírense as determinacións de alturas e fondos máximos establecidas polo Plano de Ordenación P/5. ALTURAS E FONDOS MÁXIMOS EN SU. das citadas Normas Subsidiarias de Planeamento.

“4.1. ORDENANZA CA: CASCO ANTIGUO

DEFINICIÓN

Espacio, generalmente de ordenación cerrada con patios interiores. Está constituida por edificios antiguos y representativos del carácter de la urbe siendo necesario en el mismo una conservación total o parcial de dicho carácter tradicional.

ÁMBITO TERRITORIAL

El señalado en el plano de organización espacial.

NORMAS DE USO

Usos admitidos

Se admiten con carácter general todos los usos asociados a la vivienda agrupada a nivel de barrio.

Residencial: vivienda agrupada.

Industria y almacén: talleres domésticos, pequeña industria de tipo artesanal y almacenes compatibles o convivientes con la vivienda.

Comercial: comercio de cualquier clase a nivel de barrio.

Recreativo de espectáculo y relación: todos, excepto los que alteren la contextura estética de casco antiguo.

Religioso: cualquier uso de tipo religioso.

Cultural-Escolar: Cualquier edificación cuyo fin sea docente o cultural.

Deportivo: de toda clase siempre y cuando sea compatible o convivente con la vivienda.

Dotacional: cualquier clase, asimilable a la ordenación cerrada.

Usos prohibidos

Los restantes.

NORMAS DE VOLUMEN

Condiciones de posición

Alineaciones y rasantes: las de planeamiento.

Condiciones de parcelación

Solar mínimo: 60 m²; Frente mínimo: 6 m, salvo parcelas entre edificación de dimensión menor.

Condiciones de edificación

En el Casco Antiguo, la altura y plantas máximas permitidas, así como el fondo máximo de edificación, son las siguientes:

Ancho de calle (m)	Altura de cornisa (m)	Nº de plantas	Fondo de edificación (m)
Menos de 6	8	2	14
De 6 a 8	11	3	16
De 8 a 12	14	4	18
Más de 12	17	5	20

El espacio interior del polígono delimitado trazando paralelas a las alineaciones exteriores a la distancia señalada como fondo de edificación será considerada como patio de manzana y edificable en 1 planta hasta una altura de cornisa de 5 m.

...

Las zonas de esta Ordenanza incluidas en el Conjunto Histórico-Artístico tendrán una altura máxima de planta baja de 3,6 m”.

O Plano de Ordenación “P/5 ALTURA Y FONDO MÁXIMO EN S.U.” das Normas Subsidiarias de Planeamento establece as seguintes alturas e fondos máximos da edificación na Zona de Respetto:

- Rúa Santa Clara: Dúas plantas II e fondo 14 m en todo o ámbito, salvo nas unidades 2395801 a 2395807 - ambas inclusive- nas que establece tres plantas III e fondo 16 m.

“4.2. ORDENANZA RC: RESIDENCIAL CERRADA**DEFINICIÓN**

Espacio en ordenación cerrada con patios interiores, de uso de vivienda en plantas altas y de varios usos en la baja y sótanos.

Incluye la zona centro del núcleo urbano, en donde predominan las actividades administrativas y de negocios.

ÁMBITO TERRITORIAL

El señalado en el plano de organización espacial.

NORMAS DE USOUsos admitidos

Residencial: viviendas agrupadas en edificios contiguos.

Industria y Almacén: cualquier tipo de industria o almacén que sea compatible o convivente con el de vivienda.

Comercial: todo tipo de actividad comercial.

Dotacional: cualquier clase integrable en la ordenación cerrada.

Usos prohibidos

Los restantes

NORMAS DE VOLUMENCondiciones de posición

Alineaciones y rasantes: las de planeamiento.

Condiciones de parcelación

Solar mínimo: 60 m².

Frente mínimo: 6 m.

Salvo parcelas entre edificación de dimensión menor.

Condiciones de edificación

En Ordenación Cerrada, la altura y plantas máximas permitidas, así como el fondo máximo de edificación, son las siguientes:

Ancho de calle (m)	Altura de cornisa (m)	Nº de plantas	Fondo de edificación (m)
Menos de 8	11	3	16
De 8 a 11	14	4	18
De 11 a 15	17	5	20
De 15 a 20	20	6	22
Más de 20	23	7	24

El espacio interior del polígono delimitado trazando paralelas a las alineaciones exteriores a la distancia señalada como fondo de edificación será considerado como patio de manzana y edificable en 1 planta y 5 m de altura.

Las zonas de esta Ordenanza incluidas en el Conjunto Histórico-Artístico tendrán una altura máxima de planta baja de 3,6 m.

....

Ordenación singular

La ordenación cerrada podrá sustituirse por otra abierta o mixta, a juicio corporativo y previo Estudio de Detalle, cuando se trate de un conjunto urbano singular o manzana dedicada a usos residenciales o dotacionales, siempre y cuando no se supere el aprovechamiento resultante de la presente ordenanza.

Diferenciaciones

Dentro de la Ordenanza Residencial Cerrada se distinguen, además de las determinaciones anteriores, dos variedades que se designan Extensiva y Vivienda Unifamiliar.

La variedad Residencial Cerrada Extensiva RC/E, se diferencia por la siguiente tabla de fondos y alturas máximas:

Ancho de calle (m)	Altura de cornisa (m)	Nº de plantas	Fondo de edificación (m)
Menos de 11	8	2	14
De 11 a 20	11	3	16
Más de 20	14	4	18

La variedad Residencial Cerrada en Vivienda Unifamiliar, RC/VU, se diferencia por la altura máxima de 2 plantas u 8 m de altura y fondo máximo de 14 m".

O Plano de Ordenación "P/5 ALTURA Y FONDO MÁXIMO EN S.U." das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal establece as seguintes alturas e fondos máximos na edificación nas Zonas de Respeto:

- Rúa e praza de Carude e rúa da Arca Nova: Tres plantas III e fondo 16 m.
- Rúa do Conde: Tres plantas III e fondo 16 m.
- Rúa da Estrela: Catro plantas IV e fondo 18 m.
- Praza do Piñeiro: Cinco plantas V e fondo 20 m.

Monforte de Lemos, 29 de marzo de 2021.- O ALCALDE, José Tomé Roca.

R. 0856

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria do Pleno deste Concello, o día 29 de marzo de 2021 o expediente núm. 18/2021 de modificación de créditos na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito por importe de 2.604.553,81 €, financiado con cargo ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais, segundo o previsto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de non producirse alegacións entenderase aprobado con carácter definitivo.

Monforte de Lemos, 30 de marzo de 2021.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 0874

RIBAS DE SIL

Anuncio

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello de data 22.03.2021 o Orzamento municipal para o exercicio 2021, bases de execución, cadro de persoal e demais documentación que obra no expediente, con arreglo ó disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, e no artigo 20 do Real Decreto 500/1990, expónse ao público na Secretaría deste Concello polo prazo de 15 días hábiles co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

Ribas de Sil, 29 de marzo de 2021.- O Alcalde, Miguel Ángel Sotuela Vega.

R. 0835

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Aprobada por Resolución da Alcaldía núm. 2021/086, de data 31 de marzo, expónse ao público a lista provisional de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a provisión dunha praza de Administrativo/a, funcionario/a de carreira, escala Administración Xeral, subescala Administrativa do Concello de Ribeira de Piquín:

“DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

Vista a Oferta de Emprego Público para o ano 2021 aprobada por este concello por Resolución da Alcaldía núm. 2021/015, de data 25 de xaneiro, e publicada no BOP núm. 037 e no DOGA núm. 30 do 15/02/2021, para cubrir a praza de Administrativo/a, funcionario/a de carreira, escala Administración Xeral, subescala Administrativa.

Visto o expediente para a cobertura dunha praza de Administrativo/a, funcionario/a de carreira, escala Administración Xeral, subescala Administrativa do Concello de Ribeira de Piquín, regulado nas Bases aprobadas por Resolución da Alcaldía núm. 2021/034, de data 15 de febreiro, e publicadas no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 039, do 18 de febreiro de 2021.

Vista a publicación da convocatoria do dito proceso selectivo no Boletín Oficial do Estado núm. 48, de data 25 de febreiro de 2021, así como a publicación dun extracto da dita convocatoria no Diario Oficial de Galicia núm. 37, de data 24 de febreiro de 2021.

Vista a existencia dun erro material nas Bases que rexen o proceso selectivo, en concreto na Base oitava.

Vista a imposibilidade de convocar a Xunta de Goberno Local debido á urxencia na tramitación do expediente, e considerando o establecido no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público:

“1. Os órganos superiores poderán avogar para si o coñecemento dun ou varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial fágano conveniente. Nos supostos de delegación de competencias en órganos non dependentes xerarquicamente, o coñecemento dun asunto poderá ser avogado unicamente polo órgano delegante.

2. En todo caso, a avogación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento, se os houbese, con anterioridade ou simultaneamente á resolución final que se dicte. Contra o acordo de avogación non caberá recurso, aínda que poderá impugnarse no que, no seu caso, se interpoña contra a resolución do procedemento”.

*Analizadas as solicitudes presentadas, e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:***

PRIMEIRO.- *Avogar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local polo decreto desta Alcaldía do 20/06/2019, para o só efecto desta resolución, dando conta ao devandito órgano colexiado para coñecemento, por mor da urxencia na tramitación.*

SEGUNDO.- *Rectificar o erro material advertido nas Bases de selección, en concreto na base oitava, quedando redactada como segue:*

ONDE DÍ: *“Finalizada a fase de oposición, o tribunal procederá a valorar os méritos dos aspirantes que sexan considerados como aptos na citada fase de oposición.”*

DEBE DICIR: “Con carácter previo á fase de oposición, o tribunal procederá a valorar os méritos dos aspirantes incluídos na lista definitiva de admitidos, tendo dereito a participar na fase de oposición.”

TERCEIRO.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos do devandito proceso selectivo, cos/ás seguintes aspirantes:

LISTA DE ADMITIDOS

Nº	APELIDOS, NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO GALEGO
1	Abelleira Lence, Susana	**10755**	SÍ
2	Andión Pena, Nancy	**54822**	SÍ
3	Antuña Carballés, M ^a Rosa	**48506**	NON
4	Baamonde Argul, Carmen	**33617**	SÍ
5	Blanco Soilán, Elías	**34445**	SÍ
6	Bouza Ledo, M ^a Montserrat	**30346**	SÍ
7	Cabo Torneiro, Laura	**55238**	SÍ
8	Carballo Núñez, José	**49398**	SÍ
9	Castañal González, Silvia	**54942**	SÍ
10	Ermo Sanches, Daniel	**96701**	SÍ
11	Fanego Candía, Patricia	**63839**	SÍ
12	Fernández Copa, José Alberto	**98791**	SÍ
13	Fernández Nogueira, Jorge	**34703**	SÍ
14	Fernández Núñez, Blanca M ^a	**33159**	SÍ
15	Fidalgo Méndez, Sandra	**50717**	SÍ
16	García Muruais, Marcos	**58252**	SÍ
17	González Salum, Leila Solange	**53990**	NON
18	Méndez Prados, Vanesa	**35189**	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)
19	Ocampo Piñeiro, Elena	**33483**	SÍ
20	Oliva Somoza, Lucía	**27359**	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)
21	Pinal Seoane, Silvia M ^a	**15667**	SÍ
22	Piñeiro Crespo, Lucía	**58464**	SÍ
23	Pita Couselo, M ^a Almudena	**66582**	SÍ
24	Reigosa Lombao, Agostiño	**55500**	SÍ
25	Rello López, Óscar	**26433**	SÍ
26	Riveiro Lage, M ^a del Pilar	**54234**	SÍ
27	Rodríguez Cabañas, Miguel	**33652**	SÍ
28	Tella Mazoy, M ^a del Pilar	**33468**	SÍ
29	Torre Mahía, Lidia	**88032**	SÍ
30	Zas Fernández, David	**27941**	SÍ

LISTA DE EXCLUÍDOS

Nº	APELIDOS, NOME	DNI	MOTIVO	ACREDITACIÓN DO GALEGO
1	Abelleira Sánchez, Patricia	**34688**	DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)
2	Ares Campello, Sandra M ^a	**58008**	DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)
3	Arias Magide, Lucía	**55865**	DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)
4	Armesto López, Raquel	**58140**	DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)
5	Blanco Bernárdez, Carlos	**95257**	-NON APORTA ANEXO II ASINADO - DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)
6	Casas Reigosa, Ismael	**34103**	DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)
7	Del Valle Souto, Andrés	**86157**	DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)

8	Fernández Fernández, Ana M ^a	**56160**	DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)
9	García Couso, Diego	**55979**	DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)
10	Gestal Rodríguez, Noelia	**80283**	DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)
11	Gómez Bolón, Daniel	**32647**	DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)
12	González González, Verónica	**82331**	-DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS -FALTA REVERSO TITULACIÓN	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)
13	Longueira López, Jorge	**67836**	DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)
14	López Álvarez, M ^a Cruz	**26762**	NON APORTA ANEXO II ASINADO	Sí
15	López Bermúdez, Adrián	**55806**	DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)
16	López Rodríguez, Ana	**46341**	DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)
17	Lorenzo Blanco, Beatríz	**84853**	DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)
18	Luna Gómez, Susana	**54677**	DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)
19	Martínez Veiga, Silvia	**55222**	NON APORTA DNI AUTENTICADO	Sí
20	Otero Mahía, Óscar	**82989**	-DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS -FALTA REVERSO TÍTULO DE BACHARELATO	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)
21	Pardo Sánchez, Raquel	**55386**	DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)
22	Portomeñe Fernández, Rocío	**54173**	-NON APORTA ANEXO II ASINADO -DNI NON AUTENTICADO -FALTA REVERSO TITULACIÓN	Sí
23	Ramos Siaba, Magdalena	**71493**	DNI NON AUTENTICADO	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)
24	Ríos Pena, Xesús Manuel	**36739**	-DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS -NON APORTA REVERSO TITULACION	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)
25	Román Radío, Gabriel	**46212**	DNI NON AUTENTICADO	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)
26	Sanz da Encarnación, Carmen Aurelia	**27486**	-NON APORTA ANEXO II ASINADO -DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)
27	Tojo Villanueva, Andrea	**95311**	DNI NON AUTENTICADO	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)
28	Vilas González, Nerea Ana	**00015**	DNI E TITULACIÓN NON AUTENTICADOS	NON (Documento de acreditación do idioma galego non autenticado)

				autenticado)
--	--	--	--	--------------

CUARTO.- *Publicar a presente resolución íntegra no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica do concello (<https://ribeiradepiquin.sedelectronica.gal>) e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, concedendo un prazo máximo de dez (10) días hábiles para a subsanación de documentación a todos aqueles candidatos excluídos.*

QUINTO.- *Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.”*

Ribeira de Piquín, 31 de marzo de 2021.- Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 0888

TABOADA

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO.

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 29.03.2021 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 29.03.2021 aprobou as bases para seleccionar **1 PEÓN DE OBRAS.**

- Modalidade de contratación: contrato temporal por obra ou servizo determinado.
- Duración: 5 meses
- Xornada: parcial ao 75 %da xornada.
- Salario: a retribución mensual bruta será de 821,25 € incluído o rateo das pagas extra.
- Funcións: propias de peón de obras segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio BOP DE LUGO e no Taboleiro de anuncios do Concello de Taboada.

No caso de solicitudes por correo, rógase aviso por fax ao 982 46 50 89.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.concellotaboada.es
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 29 de marzo de 2021.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 0857

XOVE

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía aprobáronse a Bases regulamentadoras do procedemento de selección para a provisión de unha (1) praza deº Axente de Empleo y Desarrollo Local (AEDL) como persoal laboral fixo - proceso extraordinario de consolidación de emprego temporal da Disposición Transitoria 4ª do R.D. 5/2015, de 30 de outubro - que a seguir se transcriben na súa integridade:

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar o proceso selectivo para a provisión con carácter fixo mediante o proceso extraordinario de consolidación de emprego temporal da Disposición Transitoria 4ª do R.D. 5/2015, de 30 de outubro (en adiante, D.T. 4ª E.B.E.P.; é dicir, prazas ocupadas temporalmente de xeito ininterrompido con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005)de unha praza de Axente de Empleo e Desenvolvemento Local, polo sistema de Concurso- Oposición Libre; incluída na Oferta de Emprego Público do Concello de Xove, correspondente ao exercicio de 2019, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e publicada no B.O.P. de Lugo núm. 147 de 28 de xuño de 2019.

2.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA.

GRUPO: A1

NÚM. DE VACANTES: 1

DENOMINACIÓN: AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

POSTO DE TRABALLO E DENOMINACIÓN: NÚM. 12 DA R.P.T. "AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL"

COMETIDO FUNCIONAL: O cometido funcional será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo ou, no seu caso, disposición que a substitúa. Asemade, a persoa ocupante realizará as funcións que lle sexan atribuídas por calquera outra norma ou polo correspondente superior xerárquico.

XORNADA DE TRABALLO: A tempo completo

RETRIBUCIÓNS: As retribucións a percibir serán as corresponden á praza consonte ao establecido nos art. 23 e seguintes do vixente Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Xove .

3.- Normativa de aplicación.

- Artigo 11 do E.B.E.P.: "É persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral presta servizos retribuídos polas Administracións Públicas. En función da duración do contrato, este poderá ser fixo, por tempo indefinido ou temporal

- Artigo 55.1 do E.B.E.P.: "*Todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico*".

- Artigo 55.2 do E.B.E.P.: "*As Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

a) *Publicade das convocatorias e das súas bases.*

b) *Transparencia.*

c) *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*

d) *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*

e) *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*

f) *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.*".

- Artigo 61.1 do E.B.E.P.: "*Os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrència, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto*".

- Disposición Transitoria 4ª do E.B.E.P.: "**Consolidación de Emprego Temporal.**- 1. *As Administracións Públicas poderán efectuar convocatorias de consolidación de emprego a postos ou prazas de carácter estrutural correspondentes aos seus distintos corpos, escalas ou categorías, que estean dotados orzamentariamente e se atopen desempeñados interina ou temporalmente con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005.* 2. *Os procesos selectivos garantirán o cumprimento dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.* 3. *O contido das probas gardarán relación cos procedementos, tarefas e funcións habituais dos postos obxecto de cada convocatoria. Na fase de concurso poderá valorarse, entre outros méritos, o tempo de servizos prestados nas Administracións Públicas e a experiencia nos postos de traballo obxecto da convocatoria. Os procesos selectivos desenvolveranse conforme ao disposto nos apartados 1 e 3 do artigo 61 do presente Estatuto*".

- Artigo 91.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que sinala: "*A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso- oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade*".

-Artigo 177 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local: " A selección do persoal laboral réxese polo establecido polo artigo 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

- Artigos 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

4.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de **CONCURSO-OPOSICIÓN**, de acordo co establecido no R.D. 896/91, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, e ao determinado no artigo 74.1 do RD 364/95 de 10 de marzo, xa que

este sistema permite valorar, ademais dos coñecementos, a experiencia e formación complementaria, relacionados co contido funcional da praza.

Ao estar incluída esta praza dentro dun Plan de Consolidación de Emprego temporal, na fase de Concurso valorarase a experiencia profesional no desempeño das funcións do posto só aos aspirantes que acrediten ter a condición de persoal funcionario interino ou de persoal contratado laboral como Axente de Desenvolvemento Local; Axente de Emprego ou Axente de Emprego e Desenvolvemento Local con anterioridade a 1 de xaneiro de 2005 consonte ao previsto na D.T. 4ª Do E.B.E.P.

5.- REQUISITOS

Para tomar parte nestas probas selectivas será necesario reunir na data de remate do prazo sinalado para a presentación de instancias, os seguintes requisitos:

5.1.- Requisitos Xerais:

- a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do E.B.E.P.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza.
- c) Ter cumpridos dezaoto anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separadas mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no seu caso o persoal laboral, no que estiveran separadas ou inhabilitadas. No caso de seren nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitadas ou en situación equivalente nin ter sido sometidas a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

5.2.-Requisitos específicos:

De acordo co apartado c) do artigo 135 do RD Legislativo 781/86, de 18 de abril; e co apartado e) do artigo 56 do E.B.E.P., será necesario estar en posesión ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes dalgún dos títulos académicos, para o acceso libre á praza convocada, que se sinalan:

-Graduado ou licenciado universitario na rama do coñecemento das ciencias sociais e xurídicas (Dereito, Ciencias Empresariais, etc.)

-Titulacións de licenciatura ou grao universitario que fosen admitidas nas ordes de convocatoria da Xunta de Galicia para o desempeño das funcións de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.

-O coñecemento da lingua galega: os interesados deberán estar en posesión ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, do CELGA 4 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa D.A. 2ª da Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (D.O.G.A. 146 de 30/07/2007), modificada pola Orde de 10 de febreiro de 2014 (D.O.G.A. 34 de 19/02/2014)

6. PUBLICACIÓN.

O extracto da convocatoria e das bases publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP), na Sede Electrónica da páxina web (www.xove.es) e no Boletín Oficial do Estado (B.O.E.), cuxa data de publicación abre o prazo de presentación de solicitudes.

7. SOLICITUDES.

Presentación. As persoas interesadas poderán participar no presente proceso selectivo mediante unha solicitude no modelo oficial que figura como anexo ás presentes Bases, estando tamén dispoñible na Sede Electrónica do Concello de Xove. A solicitude de participación cumprimentarase debidamente pola persoa aspirante, acreditando documentalmente os méritos que alegue conforme se establece na Base 8. Os erros de feito que se puideran advertir, poderán rectificarse, en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.

Prazo de presentación. Este será de **VINTE DÍAS NATURAIS** contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e das bases no B.O.E.

Lugar de presentación:

- A) De xeito presencial no Rexistro Xeral do Concello en horario de 9.00 a 14.00 horas en días laborables (Luns a Venres)
- B) A través de medios telemáticos na Sede Electrónica do Concello de Xove
- C) Por calquera das formas que determina o artigo 16.4 da L 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE.

a) a) Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos da nacionalidade da persoa aspirante: DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo da nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do E.B.E.P.

b) b) Acreditación do grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Esta acreditación presentarase no suposto de que a persoa aspirante solicite a adaptación de probas na solicitude de participación. Ante a petición efectuada o Tribunal resolverá a conveniencia ou non de admitir a adaptación, tendo en conta o sinalado na Orde 1822/2006, de 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade e a proba a realizar

c) Fotocopia compulsada da titulación académica esixida nos requisitos específicos ou, no seu defecto, certificación académica dos estudos realizados á que necesariamente se acompañará a acreditación do pagamento dos dereitos de expedición da correspondente titulación.

d) Certificado acreditativo de estar en posesión do Celga 4 ou o equivalente debidamente homologado, nos termos reflectidos na Base 5.2

Consecuencias de non acreditar os méritos.

A) Non acreditar os méritos tal e como se sinala a continuación, acreditalos de forma insuficiente, a xuízo do Tribunal, ou presentalos fóra do prazo de presentación de solicitudes, non será emendable, polo que non serán tidos en conta polo Tribunal.

Forma de acreditación de méritos:

Experiencia profesional no posto correspondente á praza convocada

Acreditarase mediante certificación expedida polo Técnico de Recursos Humanos do Concello de Xove no que se reflexe o tempo traballado como A.E.D.L. do Concello de Xove e, especificamente o feito de que dita relación “de carácter laboral ou funcional” iniciouse antes do 1 de xaneiro de 2005.

Experiencia profesional como Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, Axente de Desenvolvemento Local ou Axente de Emprego

B) Acreditarase mediante certificación expedida polo Técnico competente da Administración Pública na que se teñan prestado os servizos que exprese o posto ou o emprego desempeñado así como o tempo de desempeño en cada posto ou emprego, con indicación do réxime de vinculación xurídica en cada un dos supostos antes mencionados.

9. LISTAXE DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS.

Listaxe provisional. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución na que se aprobe a listaxe provisional das persoas admitidas e, se é o caso, excluídas. A dita resolución publicarase na Sede Electrónica do Concello.

Prazo de alegacións. O prazo para que as persoas excluídas poidan alegar o que consideren será de 4 días hábiles a contar dende a publicación da resolución que aprobe a lista provisional na Sede Electrónica. O dito prazo poderá ampliarse a 6 días no suposto que se observe a imposibilidade do aspirante de presentar os documentos necesarios para a súa inclusión na listaxe definitiva.

Listaxe definitiva. De considerar as alegacións presentadas, aprobarase a lista definitiva, que se publicará nos mesmos lugares que a provisional.

De non existir alegacións á listaxe provisional, ou se os seus fundamentos non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

Recursos contra a listaxe definitiva. Contra a resolución que aprobe a listaxe definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma na Sede Electrónica ou recurso contencioso-administrativo, diante do xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de realizar calquera outro que estime pertinente.

C) O feito de figurar na relación de admitidos, non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando do contido dos documentos presentados se desprenda que non posúen algún dos requisitos decaerán de todos os seus dereitos no procedemento selectivo.

D) 10. TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

Composición. O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do E.B.E.P. e estará integrado por, tendo todos eles voz e voto, incluído o Secretario do Tribunal:

Presidente/a: Dna. Elena Santos Rey, Interventora Municipal

Vogais: Dna.Yolanda Otero Eijo, Técnico Local de Emprego do Concello de Burela

Dña. Mónica Barcia Paredes, Axente de Desenvolvemento Local do Concello de Ribadeo

D. José Rodil Veiga, Técnico de Administración Xeral do Concello de Ribadeo

Secretario/a: Luis María Fernández del Olmo, Secretario Municipal

En casos debidamente xustificados os citados membros poderán ser substituídos por suplentes os cales, ao igual que os titulares, exercerán as súas funcións como membros do Tribunal a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres.

Os membros do Tribunal deberán posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á praza que se convoca.

Nomeamento e publicación. As persoas que integren o Tribunal, serán nomeadas mediante resolución da Alcaldía. A dita resolución publicárase na Sede Electrónica do Concello.

Abstención e recusación. Os membros do Tribunal, absteranse de intervir, comunicándollos á Alcaldía, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no correspondente artigo da vixente Lei do Procedemento Administrativo Común, así como, cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán promover a súa recusación de acordo co sinalado na citada Lei.

Actuacións do Tribunal. O Tribunal non actuará cun quorum de asistencia inferior a tres membros, sendo sempre necesaria a asistencia dos compoñentes que exerzan as funcións da Presidencia e da Secretaría; non obstante, ante a ausencia dos titulares e/ou suplentes da Presidencia e/ou da Secretaría, poderán actuar como tales os membros asistentes, titulares e/ou suplentes, das distintas vogalías. As devanditas substitucións realizaranse utilizando a orde empregada na resolución de nomeamento dos correspondentes membros para exercer as funcións de vogais.

O Tribunal resolverá tódalas dúbidas interpretativas que xurdan para aplicación das normas contidas nas presentes Bases estando igualmente facultado para resolver as cuestións que se susciten durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

O Tribunal, en caso de necesidade, poderá solicitar á Alcaldía a incorporación de asesores ou colaboradores, cando os nomeados non foran suficientes ou non se nomearan previamente.

Os acordos do tribunal adoptaranse conforme ao estipulado para a actuación dos órganos colexiados na vixente Lei de Procedemento Administrativo.

Pagamento de asistencias e indemnizacións. Os membros do Tribunal, así como os asesores e colaboradores, no seu caso, terán dereito pola súa concorrencia ás sesións ao pagamento de asistencias, gastos de desprazamentos e de manutención, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta vixentes na data da realización das probas.

11. CITACIÓN AOS MEMBROS DO TRIBUNAL E ÁS PERSOAS ASPIRANTES PARA LEVAR A CABO O PROCESO SELECTIVO.

A citación ao Tribunal e ás persoas aspirantes para a realización da proba da fase de oposición deberá publicarse na Sede Electrónica cunha antelación mínima de 48 horas á hora da súa celebración.

As persoas aspirantes presentaranse ás probas previstas do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, podendo ser requiridos en calquera momento polo Tribunal.

12.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN: CONCURSO- OPOSICIÓN.

12.1.- FASE DE OPOSICIÓN: (TOTAL 60 puntos)

O procedemento de selección, na Fase de Oposición, constará de dous exercicios:

1.- Primeiro exercicio: consistirá en responder a 30 preguntas tipo test (máis tres preguntas de reserva) relacionadas coa parte de Materias Comúns do Anexo ás presentes Bases (Programa de Acceso). Este exercicio terá unha puntuación máxima de 15 puntos.

Cada pregunta terá tres respostas posibles, das cales, só unha é correcta.

Pregunta acertada: 0,50 punto.

Pregunta incorrecta: - 0 ´ 10 puntos

Pregunta non contestada: 0 puntos.

2.- Segundo exercicio: consistirá nun ou varios supostos prácticos determinado/s libremente polo Tribunal que terán por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen na parte de Materias Específicas do Anexo ás presentes Bases (Programa de Acceso) e respondan ás funcións ou tarefas da praza cuxa

provisión se convoca. O/os suposto/s terán a concreción necesaria de xeito tal que o Tribunal poda determinar as cuestións concretas que deban ser resoltas e que ditas cuestións comprendan materias reflectidas no temario adxunto tanto na parte xeral coma na parte específica.

O exercicio poderá ser lido polas persoas aspirantes diante do Tribunal na data que este determine podendo asistir á lectura as demais persoas aspirantes e poderá formular preguntas ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada persoa aspirante.

Este exercicio terá unha puntuación máxima de 45 puntos.

A fase de oposición é obrigatoria e eliminatória debendo obterse para a súa superación un mínimo de 30 puntos coa suma da puntuación obtida nos dous exercicios anteriormente mencionados.

12.2. FASE DE CONCURSO (TOTAL 40 puntos).

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos/ás aspirante/s que superaran a fase de oposición.

BAREMO DE MÉRITOS

EXPERIENCIA PROFESIONAL NO POSTO QUE SE CONVOCA.

En aplicación do previsto na Disposición Transitoria 4ª do E.B.E.P., sobre consolidación de emprego temporal, valorarase a experiencia profesional, como funcionario ou contratado laboral segundo os seguintes criterios ata un máximo de 25 puntos:

Pola experiencia no Concello de Xove como Axente de Desenvolvemento Local/Axente de Emprego/Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, valorarase a razón de 0,10 puntos por mes completo.

A acreditación da experiencia realizarase consonte o establecido na letra a) relativa á Forma de acreditación dos méritos da Base 8.

ANOS DE DESENVOLVEMENTO DAS FUNCIÓNS DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL /AXENTE DE DESENVOLVEMENTO LOCAL/ AXENTE DE EMPREGO.

Valorarase os anos de desempeño das funcións de Axente de Desenvolvemento Local/Axente de Emprego/Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, como funcionario ou contratado laboral segundo os seguintes criterios ata un máximo de 15 puntos:

Polos anos de servizo prestados nas Administracións Públicas nun posto/emprego como Axente de Desenvolvemento Local/Axente de Emprego/Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, valorarase a razón de 0,10 puntos por mes completo.

A acreditación da experiencia realizarase consonte o establecido na letra b) relativa á Forma de acreditación dos méritos da Base 8.

13. CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final establecerá a orde definitiva das persoas aspirantes que superaron o procedemento selectivo. A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e a obtida na fase de oposición.

No caso de empate resolverase acudindo á maior puntuación obtida primeiro na fase de oposición, segundo na fase de concurso, e se persiste o empate procederase a realizar un sorteo público.

14. PROPOSTA DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN.

O Presidente do Tribunal, á vista das cualificacións finais das persoas aspirantes, que superaron o proceso selectivo, formulará proposta ante a Alcaldía.

Publicación.- A proposta do Tribunal, publicarase na Sede Electrónica do Concello.

15.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

A persoa seleccionada presentará os seguintes documentos mediante copias compulsadas ou, se é o caso, orixinais:

